



**DOCUMENTO**

**GUÍA DE INTERVENCIÓN  
PARA A MELLORA**

**Curso 2011-12**

## 1. Introdución

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de Maio prescribe a celebración dunha avaliación de diagnóstico coa finalidade de acadar á mellora da calidade da educación dos centros educativos a partir dunha análise da situación na que se atopan unha vez que se estudan os resultados de aprendizaxe do alumnado nas competencias básicas.

A avaliación de diagnóstico pretende estimular a reflexión sobre a práctica educativa co fin de atopar evidencias que permitan comprender o que se fai nos centros e promover procesos de autoavaliación que sirvan para revisar e mellorar os resultados obtidos. Estes resultados proporcionan unha visión da realidade dos centros e son un instrumento moi valioso para indicar aqueles eidos nos que son precisas melloras inmediatas. De aí que a finalidade deste documento sexa promover unha reflexión interna dos seus órganos colexiados para estableceren as accións pertinentes que serán recollidas na programación xeral anual do centro.

## 2. Análise de resultados

Os resultados da avaliación de diagnóstico sitúan o centro I.E.S Muralla Romana nunha posición de **nivel medio** ( 500 puntos) dentro dos tres índices posibles (baixo, medio, alto), cunha puntuación de 501 puntos sobre 800 na competencia en comunicación lingüística, unha puntuación de 462 puntos sobre 800 na competencia matemática e unha puntuación de 489 sobre 800 na competencia no coñecemento e interacción no mundo físico. Estas puntuacións son o resultado de dous condicionantes: O índice ISEC (Índice Socioeconómico e Cultural das familias dos alumnos) e os resultados das probas de competencia lingüística, matemática e coñecemento do medio realizadas con alumnos de 2º curso da ESO. É neste contexto onde se avalían uns resultados que están construídos a partires das variables relativas o nivel de estudio, á situación laboral e profesional das familias e os recursos culturais e materiais dos que estas dispoñen.

Os datos expostos, xunto cos rexistrados no Centro a través das análises internas correspondentes, sitúan o IES Muralla Romana dentro da media do resto de centros de Galicia que pertencen ó mesmo grupo ISEC. Esta situación non sendo moi diferente dos demais centros do mesmo perfil da nosa Comunidade Autónoma esixe unha reflexión sobre que accións de mellora deben levarse a cabo para acadar resultados máis satisfactorios que os obtidos ata o presente. Así, á vista dos datos expostos, parece razoable levar a cabo unha serie de intervencións orientadas en dúas direccións: unhas de carácter xeral que afectan a todo o desenvolvemento da actividade escolar en xeral e outras, máis específicas, de carácter particular, que se refiren ás competencias lingüística, matemática e de interacción no mundo físico en concreto.

# INTERVENCIONES DE CARÁCTER XERAL

## 1. Con respecto o currículo:

- a) É prioritaria a coordinación dos departamentos para acadar os obxectivos propostos no “*Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia*”. Esa coordinación está referida aos contidos básicos na súa forma e no momento de expoñelos aos alumnos tendo sempre en conta a heteroxeneidade do grupo. A disposición regular e a articulación dos contidos seleccionados debe ser moi esmerada, de tal modo que cada contido teña relación co anterior e sexa base para o seguinte.
- b) Deberá prestarse especial atención á temporalidade que se adica a cada unha das tarefas de modo que, sen afastar a esixencia de compromiso e responsabilidade do alumno, non se avance mais á presa do que a súa capacidade permita.
- c) Empregar con asiduidade materiais complementarios (TICs, vídeos, películas) que estean en sintonía coa sensibilidade iconográfica do alumno e que sirvan para ilustrar con realidades visuais os conceptos abstractos.
- d) Informar repetidas veces dos criterios de avaliación que o profesorado emprega nas distintas probas e actividades e dar a coñecer periodicamente a evolución da aprendizaxe dos alumnos

## 2. Con respecto a práctica docente:

- a) É moi conveniente a coordinación e o intercambio de experiencias entre os profesores da área filolóxica por un lado e da área científica polo outro para que, ao marxe das características de cada unha das materias que imparten, busquen obxectivos comúns e traballen con estratexias didácticas e metodolóxicas parecidas.
- b) O profesor debe saber ao inicio de cada curso, mediante probas específicas, cales son os coñecementos e habilidades previas coas que chegan os alumnos.
- c) Na oferta de tarefas hai que evitar o fragmentarismo nos contidos, de tal modo que nada funcione de xeito illado, para que o alumno perciba que cada coñecemento que adquire forma parte dun todo e ten unha dirección que leva ao obxectivo que se quere acadar. Trátase de que todo o que se traballa responda a unha orde establecida.

d) Os contidos novos que se vaian propoñendo, así como as actividades, deberán ser moi ben seleccionados, fáciles de comprender e consolidados a través de pequenos pasos.

e) O alumno deberá ser o máximo protagonista da súa aprendizaxe. Para iso é necesario que o profesor cree un ambiente de confianza e axuda mutuas, evitando toda competencia e facilitando a participación de todos os alumnos do grupo.

f) As actividades prácticas desenvolvidas polo alumnado deberán ser controladas con frecuencia, sinalando os erros que teñen e orientando as accións para corrixilos

### 3. Con respecto a titoría

a) É moi necesario que os titores posúan información polo miúdo de todos aqueles aspectos dos seus alumnos que teñan algunha incidencia no seu rendemento escolar, analizando con eles os seus logros e deficiencias, escoitando a súa opinión e buscando estratexias que poidan mellorar os seus resultados.

b) O titor informará as familias con exactitude e rigorosidade do desenvolvemento educativo dos seus fillos. Esta información deberá facela coa asiduidade necesaria para que os pais ou titores adquiran maior compromiso e responsabilidade coa proposta educativa do centro.

c) Os alumnos deben saber que teñen dereito a expresar a súa opinión sobre a ensinanza que reciben, a mostrar as súas discrepancias, as súas demandas e as súas necesidades sen ningún tipo de temor. O titor será o principal receptor e canalizador dos estados de opinión do grupo e tratará en todo momento de ser o máis receptivo posible para resolver os problemas que se presenten.

### 4. Con respecto a convivencia

a) Crear un ambiente de boa convivencia nas aulas e nos demais espazos do centro é unha condición irrenunciable para poder desenvolver o labor educativa. Para iso deben establecerse con toda claridade e máximo realismo un número reducido de normas de obrigado cumprimento que deberán ser coñecidas polos alumnos e profesores dende o principio de curso e que estarán establecidas no RRI e no Plan de Convivencia.

b) No caso de condutas conflitivas as medidas correctoras deberán poder aplicarse de modo rápido e eficaz. A súa eficacia depende en gran medida da rapidez da resposta que se dea á acción irregular.

c) Insistirase diante dos alumnos na necesidade que ten todo colectivo de darse unhas normas de convivencia para desenvolver a liberdade persoal, afondar no respecto entre as persoas e poder así construíren a súa dignidade

## 5. Con respecto ás familias e ó contorno

a) O centro informará ás familias dos obxectivos prioritarios que ten proxectados na educación dos seus alumnos. Esta información deberá chegar con toda claridade aos interesados.


b) A implicación dos pais no desenvolvemento do traballo escolar servirá para acadar melloras notables no rendemento escolar dos seus fillos. Para iso hai que romper coas desconfianzas e os malentendidos que tantas veces están presentes nas relacións pais – profesores.

c) Para que o apuntado nos dous apartados anteriores pase de ser unha morea de boas intencións, hai que atopar estratexias que faciliten os encontros e entrevistas das familias co profesorado, co equipo directivo e cos órganos colexiados oportunos. Dende logo para que isto se poida conseguir fai falla moita xenerosidade e comprensión tanto de parte dos pais como do profesorado no seu conxunto.

## **INTERVENCIÓNS DE CARÁCTER PARTICULAR**

### 1. Promedios globais do centro

Os resultados acadados nas competencias globais do centro, así como nas competencias no coñecemento e interacción co mundo físico, lingüística e matemática avaliadas mostran, segundo o nivel de rendemento do alumnado do IES Muralla Romana, os seguintes datos:



## Competencia en comunicación lingüística pormenorizada

Resultados de Galicia  
(%)



Resultados do Centro  
(%)




## Competencia matemática

Resultados de Galicia  
(%)



Resultados do Centro  
(%)




## Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico

Resultados de Galicia  
(%)



Resultados do Centro  
(%)



 NIVEL 1  NIVEL 2  NIVEL 3  NIVEL 4  NIVEL 5

Estes resultados invitan a reflexionar e a extraeren consecuencias sobre as accións que se deben emprender para mellorar por parte dos nosos alumnos os resultados destas tres competencias. Ó fío deles parece aconsellable actuar do modo seguinte:

### 2. Con respecto a competencia lingüística

- Propoñer traballos nos que se aprenda a diferenciar as ideas e datos principais dos secundarios.
- Esixir que calquera información que sexa recibida ou transmitida debe ser rexistrada nun esquema ou guión que reflicte cada unha das partes de que consta e as súas ideas mais interesantes.
- Insistir en exercicios de interpretación, identificación de calidades e de recoñecemento de secuencias de causa-consecuencia
- Chamar a atención nas intervencións orais de que calquera opinión debe ser amparada con datos e argumentos para ser tida en conta.
- Presentar tarefas de síntese con propostas textuais nas que aparezan sempre os exercicios de resumo de descrições, narracións i exposicións
- Chamar a atención sobre o alto valor expresivo que teñen certos recursos (metáforas, metonimias, aliteracións, hipérboles...) para mostrar o misterio, a

sorpresa ou a realidade que nos abraia o ler ou escoitar un texto con alto valor estético

g) Demostrar que tras o contido literal dunha comunicación hai uns significados máis fondos e complexos que os que aparecen de primeira vista.

h) Analizar textos nos que o seu contido poida poñerse en relación coas experiencias que teñen os alumnos.


i) Aprender a seleccionar a información, a organizala e a chegar de forma ordenada as conclusións pertinentes.

i) Desenvolver actividades nas que se aprenda a encadear axeitadamente as ideas


### 3. Con respecto á competencia matemática

Os resultados acadados na competencia matemática do IES Muralla Romana en relación cos demais centros de Galicia do mesmo nivel son como seguen:

Resultados de Galicia  
(%)



Resultados do Centro  
(%)



## **A) Análise de resultados**

**Puntuación directa centro: 6,8 (referida á media das puntuacións directas do alumnado do centro sobre un máximo de 20)**

**Puntuación transformada: 462 (media de Galicia: 500)**

**Nivel dentro do grupo ISEC: Medio-bajo**

Globalmente, os resultados están por debaixo dos esperados se os comparamos cos centros do grupo ISEC. Unha das causas ben pode ser que os alumnos necesiten máis adestramento para este tipo de proba. De todos modos, é moi necesario mellorar sensiblemente a competencia matemática

## **B) Diagnóstico da situación: puntos fortes e débiles**

- **Consideracións xerais**

Á vista da táboa, a situación pódese valorar como un pouco por debaixo de “acceptable”, cunha perda sensible respecto á proba do curso anterior. As razóns da situación son varias: características do alumnado, non estar familiarizado coa proba, o propio currículo, a práctica docente ...

- **Puntos máis fortes**

Respecto ós niveis, o alumnado do 4, leva a cabo execucións importantes como as descritas na información facilitada, cunha porcentaxe igual ca de Galicia, se ben constátase unha sensible baixa respecto ao ano anterior no que neste mesmo nivel, o noso centro adiantaba en 7 puntos ao de Galicia.

Tamén hai paridade con Galicia no nivel 2.

Respecto ó programa, tanto en Xeometría como en contidos comúns, os resultados están máis ou menos como a media de Galicia e do grupo ISEC.

- **Puntos débiles**

**Respecto ós niveis, a porcentaxe correspondente ó nivel 5 é bastante menor ca de Galicia o que indica a necesidade de mellora na consecución das execucións dese nivel. Tamén no nivel 3 hai unha baixada moi importante respecto ao curso anterior.**

**Respecto ó currículo, o máis “preocupante” é a media moi por debaixo da de Galicia na competencia de Funcións e Gráficas e en menor grado, na de Estatística e Probabilidade estando tamén lixeiramente por debaixo do grupo ISEC.**

### **C) Propostas de accións de mellora**

- **Respecto ao currículo**

- **Eliminar contidos excesivamente repetidos**
- **Menor número de temas anuais**
- **Potenciar “Funcións e Gráficas**
- **Potenciar a “Estatística e Probabilidade”**
- **Insistir na relación entre os contidos**

- **Respecto á práctica docente**

- **Traballar as gráficas utilizando artigos de prensa para que o alumnado vexa a utilidade das mesmas: interpretar a noticia mediante a lectura de gráficas**
- **Intentar fomentar nos alumnos un maior interese ante novas propostas en relación cos contidos programados**
- **Fomentar a investigación a partir de realidades cotiáns con a consecuente interpretación matemática.**
- **Insistir na necesidade de revisar as solucións obtidas na resolución dos exercicios e problemas propostos co obxectivo da coherencia.**
- **Propoñer actividades en grupo constatando a utilidade da matemática como ferramenta de traballo.**
- **Propoñer traballos que relacionen os contidos matemáticos do currículo con outras materias do seu curso.**

- **Utilización das TICS para atraer e motivar.**
  - **Empregar un tempo que podería ser con certa periodicidade, para facer lecturas na aula de os libros propostos na Programación didáctica con contidos lúdico-matemáticos e a consecuente discusión no grupo.**
  - **Intentar adestrar aos alumnos para o tipo de probas que se propoñen para a avaliación de diagnóstico, sobre todo cando se trate de grupos con características especiais (moi heteroxéneos ou de baixo nivel)**
- **Respecto á organización e funcionamento do centro**

**Contar coa suficiente axuda para atender aqueles alumnos que sexan conflictivos e a aqueles alumnos con moitas materias suspensas de primaria que non poden acadar os contidos propostos na ESO**

- **Respecto á titoría**

**O labor do/a titor/a sexa máis valorado e respectado así como aproveitado polo grupo.**

- **Respecto á convivencia**

**Potenciar a axuda para poder atender aos alumnos/as non adaptados socialmente para integralos na realidade. Que sexan capaces de coñecer os seus dereitos pero tamén as súas obrigas para un mellor aproveitamento do ensino.**

**Intentar que todos os membros da comunidade educativa se familiaricen co Plan de Convivencia do Centro no que se contemplan as pautas a seguir para unha mellora nas relacións entre eles.**

- **Respecto á familia e o entorno**

**A familia ten que saber transmitir aos fillos a importancia que ten a súa formación como persoas e como escolares.**

## **Consideracións finais**

**Pensamos que as devanditas propostas de accións de mellora, en xeral, poden ser válidas para todos os cursos de Secundaria.**

**Recordar as características do centro no que respecta á diversidade xa que é receptor dun número cada vez maior de alumnos/as estranxeiros cuxas familias concéntranse principalmente nesta zona da cidade.**

#### **4. Con respecto a competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**

Resultados de Galicia

(%)



Resultados do Centro

(%)



 NIVEL 1  NIVEL 2  NIVEL 3  NIVEL 4  NIVEL 5

#### **Análise dos resultados**

Parécenos que os resultados obtidos polos nosos alumnos na derradeira avaliación de diagnóstico son aceptables nas competencias en Coñecemento e interacción co mundo físico, mais o reto e a obriga de melloralos implica a reflexión dos mesmos que o propio mecanismo pide, e que esbozamos a continuación.

Léese nas estatísticas dos resultados que un 27% dos rapaces acada as execucións correspondentes ao primeiro nivel de rendemento, e un 18 % ó segundo nivel. Estes rendementos sitúan ós nosos alumnos por baixo da media galega (despois das correccións que compre facer tendo en conta o índice ISEC do noso Centro). Tamén vemos que o 33% dos rapaces do noso IES chegan a un nivel de rendemento 4, dato que apunta ó bó

aproveitamento escolar de certo número de alumnos, en contraste coas porcentaxes anteriores.

É posible que estes extremos correspondan cunhas actitudes diferentes perante o traballo: alumnos cun aceptable aproveitamento académico, por unha banda, e outros que teñen condutas complexas de corrixir, por tratarse de rapaces inadaptados e faltos de madurez e compromiso, o que pode deberse nalgúns casos ao pouco respaldo e apoio familiar. Ditos comportamentos van aparellados con resultados baixos na avaliación.

Afondando na reflexión respecto do 1º ciclo da ESO, atopamos unhas posibles causas máis específicas no rendemento da avaliación de diagnóstico:

- Escaso interese despertado nos alumnos pola lectura, coa conseguinte mala comprensión lectora e nivel expresivo moi baixo.
- Poucas achegas imaxinativas na aula
- Estratexias de traballo monótonas, tal vez pola presión que exercen os libros e a forma de desenvolver os temas
- Dificultade para resolver exercicios por non comprender os enunciados, incluso incapacidade de recoñecer un mesmo problema cando se formula de xeito diferente.
- Actividades reiterativas que non fomentan o pensamento reflexivo e a creatividade dos alumnos.
- Graves carencias para resolver problemas que esixen unha secuencia encadeada de razoamentos.

### **Proposta de accións**

Polo que respecta as propostas de accións de mellora que corresponde intentar por parte do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía no relativo ó curriculum, sinalamos actividades que tentaremos levar a cabo para o avance dos alumnos nas competencias dos niveis 2 e 3. Eliximos estes niveis porque suporían un paso progresivo cara a tarefas e aprendizaxes máis complexos, especificados estes nos últimos dous niveis de rendemento.

## **Apuntes para axustes na futura programación da materia das Ciencias da Natureza no 1º Ciclo**

- Presentaranse de modo sinxelo procedementos axeitados aos logros de competencias.
- Introducirase a proposta de realización de pequenos traballos de carácter interdisciplinar, coa implicación de profesores da mesma área ou de áreas diferentes, sen que necesariamente constitúan un sobre esforzo nas tarefas escolares do alumno nin dos docentes, e co fin de que representen un modo creativo e innovador da actividade escolar.
- Constará de modo expreso a proposta de lectura de textos científicos e a interpretación de gráficas que reflicten resultados experimentais. Ademais recollerase a progresiva introducción de exercicios prácticos e de lecturas e análise de reportaxes de prensa escrita ou dixitalizada o que irá complementado cuns criterios de avaliación preparados ad hoc.
- En especial, no tema de ecoloxía insistirase na realización de exercicios de interpretación de gráficas sinxelas e diagramas de redes e pirámides tróficas que axudarán ó alumno na súa comprensión do funcionamento dos ecosistemas.
- Formularanse obxectivos sinxelos nas prácticas de 1º curso no laboratorio, que terán como finalidade primordial que o alumno coñeza o material típico dun pequeno laboratorio de CCNN e que saiba as normas básicas do seu funcionamento. O alumno conseguirá o manexo das balanzas, o uso dunha lupa binocular e dun material necesario para a correcta manipulación de invertebrados de coleccións dispoñibles. Ao mesmo tempo manexará recursos para o recoñecemento botánico. Adestrarase ao alumno no emprego de recursos descritivos en mineraloxía e petroloxía. Especialmente nas disciplinas de zooloxía, botánica e petroloxía, manexará claves dicotómicas. Non faltará algunhas prácticas de preparación de disolucións, de separación de misturas e de cambios de estado de algunha sustancia.

- Nos temas das capas terrestres e de minerais e materiais insistírase no uso responsable dos recursos naturais enerxéticos, mediante un tratamento transversal, ou ben aplicado á práctica cidadá responsable, impulsando un pensamento de consumo responsable, de aforro e preventivo do esgotamento e deterioro dos recursos do planeta.
- Pode facerse o anterior por distintos procedementos que empreguen lecturas de textos que inviten á reflexión, interpretación de datos sobre usos consuntivos dos recursos, elaboración e análise de enquisas a nivel escolar sobre utilización e/ou aforro de ditos recursos, etc...
- Valorarase un posible cambio na secuencia dos temas de 2º de ESO, anticipando o da enerxía, e o de Calor e temperatura, desenvolvendo seguidamente os de Dinámica terrestre, e finalmente os do ámbito da Bioloxía.
- Engadir o obxectivo de que o alumno relacione rochas e formas do relevo. Un posible procedemento que axudaría na súa consecución sería a utilización na aula dun programa de traslado virtual a zonas do país ou de lugares afastados xeográficamente que teñan unha especial significación xeomorfolóxica ou paisaxística.
- Outra posibilidade é un exercicio de localización a través da internet de monumentos que sofren alteracións por meteorización (mal da pedra, etc...), relacionándoos coas súas rochas de construción. Podería concretarse coa proposta dun traballo individual ou colectivo e levarse a cabo coa colaboración do Departamento de Xeografía e Historia. Tamén sería interesante presentar un traballo práctico sobre os usos dos materiais na construción.
- Inserir de cando en vez o recurso de amosar na aula directa ou indirectamente (facendo uso de animacións , vídeos, etc...) experimentos sinxelos, razoando a explicación dos feitos observados.
- Ofrecerlle tamén ó alumno a busca de experimentos sinxelos, a súa explicación, e súa presentación en formatos diversos (dixitais, con materiais cotiáns, fáciles de conseguir, por

exemplo), experimentos ou feitos que teñan relación cos temas que se van desenvolvendo

- Facer extensiva a tarefa de identificación de seres vivos no só no laboratorio se non tamén na aula, utilizando ordinariamente as imaxes dixitais.

O tema das propiedades dos materiais adquire unha especial significación no primeiro ciclo e é necesaria moita práctica do alumno no manexo das magnitudes fundamentais e derivadas máis comúns ca súas unidades de medida no Sistema Internacional. Organizarase axeitadamente esta actividade xunto cos criterios de avaliación que correspondan.

Outros traballos que poden inserirse para reforzar os contidos do tema antedito, versarían sobre a composición de materiais que teñen determinados obxectos de fabricación moderna e as materias primas para conseguilos.

Finalmente consideramos moi interesante e educativo a elaboración dun traballo sobre a recollida de lixo nos fogares mediante a preparación de enquisas, análises e representacións gráficas de resultados e enumeración de conclusións.

## **Renovacións na práctica docente**

- Axustarse ao sentido do plan lector, introducindo con frecuencia clases con sesións de lectura de vinte minutos como mínimo, buscando deste modo incrementar o hábito da mesma co fin de que o alumno valore a súa importancia.
- Axudar ó alumno na interpretación de recursos gráficos manexados no traballo científico, cun importante incremento de presentación dos mesmos cas novas tecnoloxías
- Insistir moito en tarefas e propoñer as probas pertinentes que permitan valorar os avances do alumno nesta interpretación e corrixir con frecuencia e rigor estes materiais de traballo.
- Facer variada a práctica diaria evitando a monotonía, pero conservando ó tempo as variantes metodolóxicas, de xeito que o alumno saiba recoñecer o papel que ten que desenrolar en cada unha das sesións ou traballos.
- Seleccionar as actividades extraescolares para o 1º ciclo cun sentido integrador para o progreso destes alumnos nos aspectos intelectual e social.